| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | CAMBRE |
| **Edificio** | Igrexa de San Cibrao de Bribes |
| **Dirección** | Rúa do Mosteiro, 21. 15659 |
| | 43.276201 -8.305869 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | Trátase dun templo de planta rectangular dunha soa nave cunha sancristía apegada ó muro norte. Está construída a base de muros de cachotería, agás a fachada feita con boas pezas de cantería á vista. A cuberta realízase a tres augas ó igual co corpo da sancristía, e posúe cubrición de tella curva do país.<br>A fachada de traza sinxela, de forma pentagonal e dende un eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta rectangular adovelada. Sobre o ingreso vai un óculo que ilumina o coro e debaixo deste, unha pedra coa inscrición: "AÑO D 1778". Rompendo o vertice da fachada unha base para unha espadana dun corpo composto de dous arcos de medio punto sobre piares moldurados que serven pra aloxa-las campás. Remata este corpo por un frontón triangular coroado por unha cruz octogonal de pedra.<br>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos. |
| **Campás** | 2 campás. |
| **Fotos** | 2 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |
| **Data** | 17-12-2023 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Espadana | Menor. | LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO) | 1896 | 50 | 72 |
| Espadana | Maior. | LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO) | 1896 | 60 | 125 |

Información completa: Igrexa de San Cibrao de Bribes - CAMBRE (GALICIA)

PDF (16-06-2026)